



INSCRICIÓN

A inscrición para as actividades que o requiran é gratuita. Poderá formalizarse a partir do 17 de decembro. O prazo remata cando se cubran, por rigoroso orde de inscrición, as prazas previstas na convocatoria.

www.museolugo.org

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Prza da Soidade s/n.

27001 Lugo

Tfno.: 982242112

Entrada gratuita

Horarios de visita:
Museo Provincial de Lugo / Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos (Deputación Provincial)

Luns a venres: 10:30 a 14 e de 16:30 a 20:30 h.
Sábados: 10:30 a 14 e de 16:30 a 20 h.
Domingos e festivos: 11 a 14 h.

Pechado os días: 24, 25 e 31 de decembro, 1 de xaneiro (Aninovo) e 6 de xaneiro (Reis).

MUSEO ETNOGRÁFICO SAN PAIO DE NARLA

Torre de Xiá

27220 Friol (Lugo)

Tfno.: 982 375 156

Entrada gratuita

Horarios de visita:
Desde 1 de outubro ao 31 de marzo
Martes a venres: 11 a 14 e 16 a 18 h.
Sábados, domingos e festivos: 12 a 14 e 16 a 18 h.
Luns pechado

Pechado os días: 24, 25 e 31 de decembro e 1 de xaneiro (Aninovo)

MUSEO PROVINCIAL DO MAR

Avenida da Mariña s/n

San Cibrao

27890 Cervo (Lugo)

Tfno.: 982 594 572

Entrada gratuita

Horarios de visita:
Martes a sábado:
Mañás de 11:00 a 14:00 h.
Tardes de 16:00 a 19:00 h.
Domingos e festivos:
Mañás de 11:00 a 14:00 h.
Luns pechado

Pechado os días: 24, 25 e 31 de decembro e 1 de xaneiro (Aninovo)

PAZO DE TOR

San Xoán de Tor

27591 Monforte de Lemos (Lugo)

Tfno.: 982 165 534

Entrada gratuita

Horarios de visita:
Martes a domingo, visitas guiadas ás 11, 12:30, 16:30 e 18 h.
Luns pechado.

Pechado os días: 24, 25 e 31 de decembro e 1 de xaneiro (Aninovo)



O Nadal na Rede Museística 2009

Museo Provincial de Lugo
Museo Etnográfico San Paio de Narla
Museo Provincial do Mar
Pazo de Tor

DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA, CULTURA



Volve o Nadal e con el o tempo de compartir coa familia ou cos amigos as horas de descanso, de festa e de lecer. Tamén é o tempo de rachar coas rutinas, de coñecer e de aprender.

Os catro museos da Rede Museística da Deputación de Lugo programan actividades pensadas para todos os públicos nestas datas, para que quen o desexa poda descubrilos, visítalos e mesmo recoméndalos.

O abano de propostas é amplo: visitas temáticas, obradoiros para todas as idades, exposicións ou a revista oral "O pazo das musas" sen esquecer a exposición permanente do MPL. Velai o convite e o noso desexo que este ano que remata sexa fonte de abundancia e de inspiración para que o ano que entra, e os que veñan detrás, sexan farturentos e creativos.

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

VISITAS TEMÁTICAS

O Nadal como motivo de creación artística

Visita guiada aos fondos, de diferentes estilos e épocas, do MPL relacionados cos motivos do Nadal: Natividade, Adoración dos Magos, Adoración dos Reis... Habera un agasallo para os asistentes.
Idades: Para adultos e grupos familiares
Horario: 19:00 horas
Prazas: Sen límite
Inscrición: Non precisa inscrición previa
Duración aprox.: 50'
Coordinación e desenvolvemento: Aurelia Balseiro García e María Quiroga Figueroa.
Datas: 21 e 22 de decembro de 2009

OBRAIDROIS

Lemos, buscamos e pintamos

Investigamos as tradicións do Nadal e recreamos a súa permanencia na actualidade.
Idades: De 6 a 9 anos.
Horario: De 11:30 a 13:30 horas.
Prazas: 15
Inscrición: Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo.
Coordinación e desenvolvemento: Lucía Dequid e Paula Somoza.
Datas: 28, 29 e 30 de decembro de 2009

Misterio no Nadal

Tinta invisible, pistas crebacabezas, lanternas máxicas...
O misterio do Nadal agárdate no Museo Provincial de Lugo
Idades: De 6 a 8 anos (1ª quenda) e de 8 a 11 anos (2ª quenda).
Horario: De 11:30 a 13:00 horas.
Prazas: 15 en cada quenda
Inscrición: Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo.
Coordinación: María Losada.
Desenvolvemento: María Losada e Raquel Guerrero.
Datas: 1ª quenda: 4 de xaneiro de 2010 - 2ª quenda: 5 de xaneiro de 2010

Xogo de personaxes

Xogo de observación, localización e investigación sobre personaxes relacionados co Nadal.
Idades: De 9 a 12 anos.
Horario: De 11:30 a 13:00 horas.
Prazas: 15
Inscrición: Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo.
Coordinación e desenvolvemento: J. Manuel Mendoza Castiñeira.
Datas: 4 de xaneiro de 2010

EXPOSICIÓNS

Salas do Museo Provincial:
Xoias tradicionais do Museo Provincial de Lugo
(Do 17 de setembro ao 13 de decembro de 2009)
Proxección e visita comentada: xoves, 10 de decembro, ás 19:30 h., por M^º del Rosario Fernández. A continuación proxectárase un vídeo-montaxe realizado por Lucía Picado.
V Premio Internacional de Fotografía sobre Discapacidade Fundación Anade
(Do 2 ao 15 de decembro de 2009)
Arqueoloxía. 1990-2005
(Inauguración: xaneiro de 2010)

Sala do Pazo de San Marcos:
Memorias 1994-2004 de J. Lázare
(Do 5 de novembro ao 30 de decembro de 2009)

EXPOSICIÓNS ITINERANTES

(xestionadas polo MPL)
Inquedanzas, de Hixinio Flores
(Do 2 de decembro ao 7 de xaneiro de 2010)
Casa de Cultura de Lourenzá
Inciacións
(Do 4 de decembro ao 10 de xaneiro de 2010)
Casa Habanera de Guitiriz

REVISTA ORAL: O PAZO DAS MUSAS (especial 5º aniversario)

Para todas os públicos.
Data: xoves, 17 de decembro de 2009.
Horario: 20:00 horas.
Presentación do nº 20 da revista oral de periodicidade trimestral "O Pazo das Musas". Intervirán, entre outros, Toño Núñez, Daniel Pando e J. Lázare.
Lugar: Refectorio do Museo Provincial de Lugo.
Duración aprox.: 1:30 horas.

Dende a Rede Museística tiñamos claro que neste ano 2009, no que se está a festexar o Ano Europeo da Creatividade e a Innovación, e coa vista posta xa no 2010, Ano Internacional de Achegamento entre Culturas, debiamos centrar as actividades de Nadal sumándonos a estes eventos.

Planifícaronse tres días e catro xornadas de obradoiros interxeracionais. Consideráronse as categorías de aprendizaxe presentes nas tendencias sobre a educación no s. XXI propostas pola UNESCO: aprendendo a ser, a facer, a coñecer e a vivir xuntos.

Características xerais:

Actividades dirixidas a rapaces/zas de idades comprendidas entre os 6 e os 14 anos. Número de prazas: 15 (agás na actividade Tirando do fío, que contará cun límite de 40). A inscrición farase no museo correspondente.

Observacións:

Porase a dispor dos participantes transporte de Lugo a San Paio e de Monforte a Tor. Cámara de fotos dixital. Bocadillo e algo para tomar a media mañá. Firma de permisos correspondentes.

PAZO DE TOR

Aprendemos a coñecer, aprendemos a vivir xuntos

Data: 29 de decembro
Horario: de 11:00 a 13:30 horas
Obradoiro de restauración: contaremos coa presenza de Xosé Ramón Lleó Fissure, persoa que está recuperando o material relacionado coas cortes das bestas de Tor.
Cincocentos anos de latexos do Pazo de Tor: neste obradoiro de arqueoloxía sonora descubriremos e analizaremos como cambiou a paisaxe sonora do Pazo de Tor e a súa contorna desde os tempos feudais ata a actualidade.
Nós e os outros: traballaremos a promoción do coñecemento recíproco da diversidade dentro do Ano Internacional do achegamento entre Culturas.

Aprendemos a ser, aprendemos a facer

Data: 30 de decembro
Horario: de 12:00 a 13:30 horas e de 16:00 a 18:00 horas
Redes de historias: obradoiro literario e de ilustración.
Romances, lendas, foliadas, panxoliñas, cantos de cegos..., por que se cantaban ou cantaban as historias coma as que esconde o Pazo de Tor.
Videorede II: embaixadores e informantes da súa contorna.
Seguimos coa actividade na que faremos fincapé nas novas tecnoloxías orientadas á difusión do patrimonio. Quedaremos en Monforte e os nenos entrevistarán os seus concidadáns; isto é dar continuidade á creación do gabinete de información infantil que se xunta periodicamente para informar os seguidores de Videorede por internet das súas inquedanzas e do seu patrimonio.

Aprendemos a vivir xuntos, aprendemos a ser... difundindo o patrimonio

Data: 2 de xaneiro
Horario: de 12:00 a 13:30 horas e de 17:30 a 20:00 horas
Durante o desenvolvemento do curso, como resultado dos coñecementos adquiridos realizarán un **programa de radio**. Servirá para a reflexión e a creación de contidos patrimoniais propios (patrimonio que recibimos, patrimonio que transmitimos). O programa será colgado en internet e poderá ser escoitado polo público en xeral mediante o sistema de podcast.
Tirando do fío: encontro interxeracional apto para toda a familia no que falaremos dos diferentes sistemas de medición agraria: a fanega, o ferrado, o canado... Tamén falaremos do antigo sistema de pago, o troco.
Obradoiros impartidos por: Encarna Lago González, Angeles Rivada e María González.

MUSEO FORTALEZA DE SAN PAIO DE NARLA

Aprendemos a coñecer, aprendemos a vivir xuntos

Data: 5 de xaneiro
Horario: de 11:00 a 13:30 horas
O primeiro día dedicáremolo a dar unhas nocións teóricas **que é un museo?** e que se vai facer os diferentes días do campamento para logo comezar cos obradoiros propiamente ditos.
Obradoiro de restauración: contaremos coa presenza de Charo Fernández que nos falará da recuperación e conservación preventiva de distintas pezas. Veremos como é o proceso e coñecerán, en primicia, as últimas restauracións en San Paio.
Cincocentos anos de latexos de San Paio: neste obradoiro de arqueoloxía sonora descubriremos e analizaremos como cambiou a paisaxe sonora da fortaleza e a súa contorna dende os tempos feudais ata agora que é un museo.
Nós e os outros: traballaremos a promoción do coñecemento recíproco da diversidade dentro do Ano Internacional de Achegamento entre Culturas.

Aprendemos a ser, aprendemos a facer

Data: 8 de xaneiro
Horario: de 11:00 a 13:30 horas
Videorede II: embaixadores e informantes da súa contorna.
Nesta edición centraremos o obradoiro en: Coñecer as ferramentas necesarias para a creación de arquivos sonoros e visuais e para a súa posterior publicación na rede. Participar na creación de contidos para as diferentes canles abertas no museo.
Coñecer, utilizar e transformar os diferentes tipos de formatos sonoros e audiovisuais.
Redes de historias: obradoiro literario e de ilustración.
Romances, lendas, foliadas, panxoliñas, cantos de cegos. Aprenderemos que son e por que se cantaban. Despois de recoller as historias adaptaranas e ilustraranas.
Videorede II: embaixadores e informantes da súa contorna
Nesta edición centraremos o obradoiro en: Coñecer as ferramentas necesarias para a creación de arquivos sonoros e visuais e para a súa posterior publicación na rede. Participar na creación de contidos para as diferentes canles abertas no museo.
Coñecer, utilizar e transformar os diferentes tipos de formatos sonoros e audiovisuais.
ilustraranas.

Aprendemos a vivir xuntos, aprendemos a ser... difundindo o patrimonio

Data: 9 de xaneiro
Horario: de 12:00 a 13:30 horas e de 17:30 a 20:00 horas
Durante o desenvolvemento do curso realizarán un **programa de radio** para reflexionar e crear contidos patrimoniais propios. O programa será colgado en internet e poderá ser escoitado mediante o sistema de podcast.
Tirando do fío: encontro interxeracional apto para toda a familia no que falaremos dos diferentes sistemas de medición agraria: a fanega, o ferrado, o canado... tamén falaremos do antigo sistema de pago, troco.
Obradoiros impartidos por: Encarna Lago González, Francisca Abuin e Ana Ferro.

MUSEO PROVINCIAL DO MAR

Aprendemos a coñecer, aprendemos a vivir xuntos

Data: 19 de decembro
Horario: de 12:00 a 13:30 horas e de 18:00 a 21:00 horas
Obradoiro de restauración: no que contaremos coa presenza de Alfredo Pérez, a persoa que restaura desinteresadamente as maquetas de barcos que se exhiben no museo.
Os sons do mar: obradoiro que persegue a posta en valor da cultura sonora mariñeira. Aprenderán a identificar cales eran e son os sons que se poden ou podían escoitar nun porto mariñeiro.
Nós e os outros: traballaremos a promoción do coñecemento recíproco da diversidade dentro do Ano Internacional de Achegamento entre Culturas.
Tirando do fío: xa pola tarde un clásico, un encontro interxeracional apto para toda a familia no que este ano falaremos dos faros, de naufraxios e dos piratas que pasaron pola mariña. Tamén contaremos cunha interpretación dunha esmorga que lles dedicarán aos participantes do Tirando do fío do resto de museos da Rede.
Pescador de soños: despois de Tirando do fío teremos a oportunidade de pechar as celebracións do 40 aniversario con este espectáculo multidisciplinar que engloba música, teatro e danza creado por Rubén Pérez.

Aprendemos a ser, aprendemos a facer

Data: 26 de decembro
Horario: de 11:00 a 13:30 horas
Redes de historias: obradoiro literario e de ilustración.
Romances, lendas, foliadas, panxoliñas, cantos de cegos. Aprenderemos que son e por que se cantaban. Despois de recoller as historias adaptaranas e ilustraranas.
Videorede II: embaixadores e informantes da súa contorna
Nesta edición centraremos o obradoiro en: Coñecer as ferramentas necesarias para a creación de arquivos sonoros e visuais e para a súa posterior publicación na rede. Participar na creación de contidos para as diferentes canles abertas no museo.
Coñecer, utilizar e transformar os diferentes tipos de formatos sonoros e audiovisuais.

Aprendemos a ser... difundindo o patrimonio

Data: 28 de decembro
Horario: de 11:00 a 13:30 horas
Durante o desenvolvemento do curso, como resultado dos coñecementos adquiridos realizarán un **programa de radio**. Servirá para a reflexión e a creación de contidos patrimoniais propios.
O programa será colgado en internet e poderá ser escoitado polo público en xeral mediante o sistema de podcast.
Obradoiros impartidos por: Encarna Lago González, Amelia Pernas e Cristina Fernández.

EXPOSICIÓNS

Ás portas de Rinlo, de F. Páez
(Do 12 de decembro ata xaneiro de 2009)

